

## NON É CAMIÑO DO SUDESTE. SENÓN CAMIÑO MOZÁRABE

Abonda con lle botar unha ollada ó mapa de España para se dar de conta da aberración en lle chamar *Sudeste* ó que é *Sur* de España. Sudeste de España son as provincias de Alicante, Murcia e Almería; as de Málaga, Cádiz, Sevilla, Huelva, etc. están no *sur* de España. A peregrinación a Compostela ó sur dunha liña trazada dende Valencia, por Madrid, Medina del Campo, a Benavente, a parte meridional de España, estaría ben descrito coa denominación de Meridional. Pero para axustarse á historia e ó espazo, a denominación propia e obrigada é a de **Camino Mozárabe**.

1) Dende o ano 711 que os árabes ocupan a Península, mormente dende finais de século que se fanatizan, os cristiáns baixo o seu dominio (*mózarabes*) están máis ou menos mediatizados nas súas crenzas, sufrindo a miúdo sangrante persecución. Os que poden, unha vez fixada a liña de separación no Río Douro, fan por se evadir á *Galikta*, a zona cristiá. Axiña que en Compostela (polo ano 815) se anuncia a aparición do corpo de Santiago, alá se dirixen. Di o historiador P. Juan de Mariana en Historia General de España a finais do s.XVII: *En tiempos que se descubrió el sepulcro del Apóstol Santiago, de todas partes del mundo acudían a visitarlo, siendo el mayor número los que venían de tierra de moros.*

Como xa estaban de camiño, é seguro que foron os primeiros peregrinos a Compostela, moito antes ca un crego alemán no 930, ou que Godescalco de Le Puy no 950.


2) Antes do año 910 Alfosno III o Magno toma Zamora; Ramiro II de León vence ós mouros en Simancas (939), pouco despois chega a Madrid. Alfonso VI conquista Toledo en 1085 e anos despois gana Salamanca. Do sur do Río Douro, do sur do Tajo, de Cuenca e de Valencia, onde se debatían os mozárabes, foxen cara *Galikta* cando poden.

3) No ano 862 collen este camiño os monxes, Ofilo de Córdoba e compañeiros; son os que fundan o mosteiro de S.Xulían de Samos en Lugo (A. de Morales, p.164). O ano 952 outro abade, Juan cos seus compañeiros, foxen tamén de Córdoba; son os que fundan o mosteiro de S.Martiño de Castañeira (hoxe Castañeda) en Sanabria (Ib.183). Etc. Son todos *mózarabes*; veñen a *Galikta* polo *Camino Mozárabe*.

4) Polo *Camino Mozárabe* traen a *Galikta* (así chaman os historiadores árabes á parte cristiá) o corpo dos santos. Pouco despois de martirizado por Abderreamán III en Córdoba, o neno (de Tui) San Paio, refén na batalla de Valdejunquera (910), tráeno a León e Oviedo. O de San Isidoro de Sevilla a León; o de San Ildelfonso de Toledo a Zamora, O de San Trocado de Andújar a Santa Comba e Celanova; o de San Eufrasio de Écija a Santa María de Mao, Lugo. etc. etc. polo *Camino Mozárabe*.

5) No *Camino Mozárabe* (sección da Vía da Plata. Cáceres) se funda a Orde de Cabaleiros de Santiago en 1170, co fin de protexe-los peregrinos a Compostela no *Camino Mozárabe* nas súas varias derivas. Así en Quintanar de la Orden (Ciudad Real), en Mora de Toledo, castelo da Mota de Medina del Campo, Castrotorafe sobre o Río Esla, toda Sanabria, Zamora; Frietas e Serra Seca, Ourense, en Campo Becerros e Santa María de Codeseo...

Todo o dito ten relación directa cos *mózarabes* e polas varias rutas por eles trepados para chegar á desexada *Galikta* en séculos de opresión interminables. Xustó e obrigado é darlle o seu nome o camiño seguido: **CAMIÑO MOZÁRABE**.

  
E. Lugo